

# DA ESCOLA A GRANXA

Financiado pola Deputación de Lugo



**ADEGA**  
**Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza**  
Educación ambiental  
[adega@adega.gal](mailto:adega@adega.gal)  
[www.adega.gal](http://www.adega.gal)

# ÍNDICE

1. Contexto.....	2
2. Actividades realizadas.....	3-4
3. Equipa de trabajo.....	5
4. Memoria fotográfica.....	6-7

## 1. Contexto

A iniciativa 'Da escola á granxa' ofreceu ao alumnado lucense durante varios meses lectivos a posibilidade de visitar un total de 25 granxas e pequenas empresas de todas as comarcas para visibilizar o papel do sector primario na sociedade e crear referentes no rural para as xeracións máis novas. Dende a produción froitas ou produtos da horta, ata mel, castañas, ovos, leite ou diversidade de carnes... A rapazada puido coñecer de primeira man distintos ámbitos do sector agrícola e gandeiro da zona, a través de visitas a entidades e empresas como Arqueixal, Avimós (Chousa do Lei), As Vacas da Ulloa SCG, a Granxa As Regas ou Embutidos Suarna SL.

Incluíu tamén a realización de obradoiros de agricultura ecolóxica e actividades divulgativas desenvolvidas nos propios centros de ensino. Desta segunda parte do proxecto encargouse ADEGA, que ao longo do 2022 viaxou ata oito escolas (para realizar canda a cativada diferentes actividades de educación ambiental. E é que o programa 'Da escola á granxa' sitúa no centro a promoción dos espazos educativos como ambientes de aprendizaxe onde o alumnado, e tamén o profesorado, integre os principios de sustentabilidade na súa práctica diaria.

## 2. Actividades realizadas

CENTRO	ACTIVIDADE
ANPA do CEIP de Triacastela	Facendo Compostaxe no Cole
ANPA Abella do CEIP Casás	Coidando das aves amigas
ANPA do CEIP A Ponte	Creamos un hotel de insectos
ANPA Terra Cha do CEIP de Román	O meu horto escolar
	O monte a nosa despensa
ANPA colexio público de PANTÓN (CEIP Monte Baliño)	Espantallos con material de refugallo
ANPA Rosalía de Castro	A miña primeira sementeira
APA CEIP Otero Pedrayo de Rábade	Creamos un hotel de insectos
ANPA do CEIP o Cantel Foz	Coidando as aves amigas
	O meu horto escolar
	Aforramos auga, conservamos vida
	Facendo compostaxe no cole
	O meu primeiro sementeiro
	Creamos un hotel de insectos

- **Coidando as aves amigas:** esta iniciativa consistiu na creación de comedeiros con material de refugallo para atraer paxaros insectívoros que axudan a manter as pragas controladas. O comedeiros foron colgados nas árbores dos patios para que o alumnado puidese observar como se achegaban as diferentes aves ao longo do ano.
- **Aforramos auga, conservamos vida:** realizar unha inspección do consumo da auga no centro e elaborar medidas, se fosen necesarias, é importante de cara a aforrar o consumo, evitar as secas e favorecer a vida animal e vexetal. Estas ecoauditorías que ADEGA desenvolveu coa rapazada axudan a detectar erros -por exemplo, que as billas non funcionen correctamente- e a darlles solución para evitar perdas de auga.

- **Facendo compostaxe no cole:** en materia de compostaxe, ADEGA impulsou a instalación de composteiros nos centros nos que puido tratar este tema. As educadoras ambientais impartiron unha charla e achegaron material informativo e didáctico para o centro con asignación de tarefas. Así, o alumnado puido observar de primeira man como os restos da comida do comedor se converten en terra.
- **O meu primeiro sementeiro:** o alumnado que participou desta actividade trouxo un vasiño para reciclar e convertelo na súa sementeira. Así, puido observar o crecemento da planta e transplántala logo ao horto, ben na casa ou no centro de ensino.
- **Creamos un Hotel de Insectos:** con material de refugallo, ADEGA creou canda a cativada un hotel para os máis importantes e tamén os máis esquecidos da nosa contorna: os insectos. Así, achegamos a importancia destes pequenos animais para a biodiversidade. Neste caso, o alumnado recibiu unha charla onde coñeceron o papel clave dos insectos e posteriormente fixeron o hotel de insectos, que, naqueles colexios con horto, foi colocado preto del para así atraer polinizadores e outros insectos beneficiosos para a horta.
- **O meu horto escolar:** no marco desta actividade, ADEGA implicouse na preparación dun horto escolar e na plantación en dúas modalidades: en terra ou en macetas (horto vertical, con material de refugallo como botellas de plástico) para herbas aromáticas que axudan a atraer polinizadores. Este tipo de hortos permiten ao alumnado ver como van crecendo as plantas e as súas raíces, e aprender destes procesos naturais.
- **O monte, a nosa despensa:** Explicación da importancia dos nosos bosques e de o correcto aproveitamento do papel. Crea papel reciclado a partir de xornais vellos.

### **3. Equipa de traballo**

As actividades e organización dentro do programa “Da Escola a Granxa” foron desenvolvidas por un equipo multidisciplinar de educadores ambientais e persoal de comunicación de ADEGA

Coordinación:

Itziar Díaz Feijóo. Licenciada en Bioloxía e Educadora Ambiental.

Equipa de Traballo:

Ramsés Pérez Rodríguez, Pedagogo e Educador Ambiental.

Lucía Álvarez Anido. Enxenería Ambiental e traballadora de ADEGA.

## 4. Memoria fotográfica



